

piloto de diversificación e mantemento de actividades nas comunidades pescadoras.

Realizaranse tarefas de prospección, planificación, adecuación e mellora das zonas de produción mariña baixo criterios de produtividade e sustentabilidade, a través de 50 convenios de asistencia técnica e vixilancia dos bancos marisqueiros con 600 entidades asociativas do sector, e co desenvolvemento de 36 proxectos colectivos de xestión dos recursos mariños, nos que se espera recuperar 39 zonas de produción.

No eido do fomento do audiovisual desenvolveranse actuacións específicas de difusión e de programación a través do Centro Galego das Artes da Imaxe, estimándose en 11.000 os espectadores das proxeccións de cine. Tamén se realizarán accións de recuperación, conservación e difusión do patrimonio audiovisual galego, xunto a actuacións encamiñadas a potenciar os sectores audiovisual e multimedia, fomentado a promoción da multimedia e a difusión do patrimonio audiovisual galego e das artes da imaxe.

Así mesmo estableceranse axudas aos produtores audiovisuais, estimándose en 20 as produtoras beneficiadas.

No ámbito do turismo, subsector que xunto ao audiovisual alcanza un importe de 55,3 millóns de euros, e que representa o 8,2% do obxectivo estratéxico e o 3,8% do eixe, se inclúen as accións tendentes á posta en valor dos recursos de interese turístico así como mellora dos servizos existentes para a consolidación dunha oferta turística de calidade.

Entre as actuacións plasmadas nos proxectos de gasto se sinalan aquí, entre outras, as de fomento de turismo rural, nas que se apoiarán 30 proxectos. As actuacións tendentes ao posicionamento dos produtos turísticos diferenciadores e singulares de Galicia, a través de TURGALICIA, se destinarán a realizar 10 plans e campañas de dinamización e a asistencia a feiras nacionais e internacionais do sector.

Entre as actuacións de difusión e dinamizadoras do turismo, realizaranse 7 de comunicación da nova marca, máis outras 40 de divulgación, lanzamento e consolidación da marca turística e o destino Galicia.

Entre as actuacións previstas na Cidade da Cultura de Galicia, que debe servir para difundir a marca Galicia internacionalmente, programaranse 100 actividades coas que se calcula a chegada de 250.000 visitas.

III.2.4. OE 4: Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego

A incorporación activa e cualificada ao traballo será unha peza fundamental, especialmente nunha rexión na que o avellentamento da poboación, o menor crecemento natural e a menor entrada relativa de inmigración constitúen elementos constantes.

Para mellorar as taxas de emprego introducíranse no mercado de traballo accións que permitan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, o aumento dos servizos de apoio e o fomento da igualdade de oportunidades, así como as que permiten potenciar as empresas de economía social. Así mesmo impulsáranse formas de organización do traballo concertadas que vaian enfocadas no camiño da “flexibilidade”.

No marco do diálogo social, impulsáranse medidas para reducir a sinistralidade laboral e promover o cambio cara a unha cultura preventiva asociada á actividade natural das empresas. E tamén se desenvolverán accións para potenciar a inserción laboral dos desempregados, formar o espírito emprendedor empresarial e mellorar a calidade do emprego. Así mesmo, promoveranse actuacións que faciliten a incorporación laboral dos inmigrantes e que aumenten a súa formación.

Este obxectivo estratéxico representa o 23% do eixe e o 3,8% sobre o total do PEG, e mesmo absorbe o 7,1% dos recursos do Eixe 2, cun importe de 339,3 millóns de euros. Con este obxectivo estratéxico, se pretende acadar un emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego.

Este obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto:

Programas de Gasto	Importe
321A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EMPREGO	8.599.451
322A MELLORA E FOMENTO DA EMPREGABILIDADE	99.880.582
322B INTERMEDIACIÓN E INSERCIÓN LABORAL	17.978.692
322C PROMOCIÓN DO EMPREGO, DO EMPREGO AUTÓNOMO E DO MERCADO DE TRABALLO INCLUSIVO	54.046.534
323A FORMACIÓN PROFESIONAL DESEMPREGADOS	98.903.424
323B MELLORA DA CUALIFICACIÓN NO EMPREGO	32.408.848
324A MELLORA DA ORGANIZ. E ADM. DAS RELACIÓNS LABORAIS E DA ECONOMÍA SOCIAL	17.304.023
324B MELLORA DOS SISTEMAS DE SAÚDE E SEGURIDADE NO TRABALLO	10.172.186

Os responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son:

Xestores do PEG
05-CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, A.P E XUST.
01-SECRETARÍA XERAL TECNICA
12-CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR
01-SECRETARIA XERAL TECNICA
02-S.X. DE FAMILIA E BENESTAR
03-D.X. DE RELACIÓN LABORAIS
04-D.X DE PROMOCIÓN DO EMPREGO
05-D.X. DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN
110-INST. GALEGO SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL
411-CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

As medidas do Plan Estratégico de Galicia que se van a realizar no ano 2012 son:

E2: Dinamización económica, Crecemento e Emprego.	Importe	%
<i>OE04 Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego</i>	339.293.740	
M01 Aumentar a empregabilidade dos traballadores galegos	106.169.433	31,3 %
M02 Impulsar a formación específica para automoción, medio ambiente, enerxías renovables e construción enerxéticamente eficiente	100.441.488	29,6 %
M03 Promover a difusión do canle Emprego Galicia	13.454.306	4,0 %
M04 Aumentar a excelencia en materia de prevención de riscos laborais	3.018.962	0,9 %
M05 Fomentar e promover a creación e consolidación de empresas de economía social	5.519.369	1,6 %
M06 Impulsar a ocupación a través do fomento do espírito emprendedor	26.603.895	7,8 %
M07 Impulsar a ocupación a través do apoio aos colectivos máis desfavorecidos	19.823.719	5,8 %
M08 Promover a creación de postos de traballo (potenciando fundamentalmente o ámbito local e o emprendemento)	4.726.578	1,4 %
M09 Mellora das relacións laborais, incluíndo o impulso aos acordos en materia laboral	5.678.441	1,7 %
M99 Soporte xeral - Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego	53.857.549	15,9 %

As Fontes de financiamento do orzamento deste Obxectivo estratéxico son:

Fontes de financiamento	Importe	%
Orzamentos xerais da C.A.	69.893.190	20,60%
Orzamentos xerais do Estado	248.223.221	73,16%
INTERREG	300.579	0,09%
FSE	20.668.869	6,09%
OUTROS FONDOS EUROPEOS	207.881	0,06%

Desenvolveranse medidas activas de emprego programadas no marco da estratexia europea para o emprego, o Programa Nacional de Reformas e no eido da colaboración institucional e do Dialogo Social e Político, que conduzan a crear empregos estables e de calidade e, consecuentemente, á redución da taxa de desemprego e da temporalidade no mercado de traballo galego. Trátase de acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego.

Entre as finalidades deste obxectivo atópanse:

Desenvolver o modelo de Servizo Público de Emprego de Galicia atendendo a unha maior eficacia na intermediación laboral, implementando sistemas de xestión que faciliten os trámites tanto aos desempregados como aos empregadores.

Consolidar a función de intermediación entre oferta e demanda de emprego, coordinando e adaptando o seu funcionamento ao sistema de información dos servizos públicos de emprego, que permite a transparencia do mercado de traballo a nivel nacional, facilitando a mobilidade xeográfica entre os demandantes.

Mellorar a función de intermediación laboral, incrementándoa cunha atención específica e de calidade tanto a demandantes de emprego como a empregadores.

Integrar as accións de adecuación de perfís profesionais e orientación nas distintas áreas funcionais de emprego, establecendo a cooperación entre as oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego, os seus centros colaboradores e demais actores do mercado laboral, de xeito que todos os demandantes de emprego poidan ser, dun xeito eficiente, atendidos de maneira personalizada en igualdade de condicións.

Consolidación da realización de itinerarios personalizados de inserción como ferramenta básica de atención aos colectivos máis desfavorecidos ou de difícil inserción, prestando especial atención aos traballadores que esgotaran as súas prestacións.

Consolidación da rede de información, orientación e busca de emprego, integrada nos programas de formación e colocación, como instrumento de achegamento entre os demandantes e as necesidades reais do mercado de traballo.

Modernización do Servizo Público de Emprego, co obxectivo de facilitar un servizo áxil e eficaz tanto para os demandantes de emprego como para os empresarios.

As actuacións plasmadas nos proxectos de gasto indican que a medida M01 "Aumentar a empregabilidade dos traballadores galegos" é a de maior peso no conxunto do obxectivo estratéxico, cunha consignación que ascende aos 106,2 millóns de euros cun peso relativo do 31,3% neste obxectivo, asemade presenta unha porcentaxe do 7,2% sobre o total do eixe.

Coa finalidade de favorecer a redución da taxa de desemprego e para atender á necesidade de mellora da empregabilidade, é dicir, das posibilidades de colocación dos desempregados, instrúntanse medidas de políticas activas de emprego que teñen por obxecto mellorar as posibilidades de acceso ao emprego das persoas desempregadas, por conta propia ou allea, e a adaptación da formación e recalificación para o emprego dos traballadores e traballadoras mediante a súa contratación temporal subvencionada para a execución de obras ou a prestación de servizos de interese xeral e social.

Actuacións dirixidas a mellorar a capacidade dos traballadores e traballadoras desempregadas en busca dun novo emprego, priorizando no seu acceso aos colectivos con maiores dificultades.

Favorecer a incorporación e permanencia dos xoves no mercado de traballo, mediante actuacións específicas dirixidas a mellorar a súa empregabilidade.

Remover os atrancos que dificultan a promoción do emprego feminino de xeito que a participación das mulleres nas políticas activas de emprego sexa superior aos homes para o cal xestionaranse programas específicos a favor das mulleres, consideraranse colectivos prioritarios nas políticas activas horizontais.

Promover o progresivo incremento da participación da muller no mercado de traballo ata lograr unha equiparación de ámbolos dous sexos. Para isto afondarase nas políticas diferenciadoras a prol do emprego feminino, ben a través de accións e programas específicos, ben mediante a súa definición como colectivo preferente ou a través de sobreincentivos cando se trate de programas xerais.

Favorecer a conciliación da vida profesional e persoal, establecendo medidas que contribúan á corresponsabilidade de homes e mulleres nas tarefas de carácter familiar de xeito que se eliminen os atrancos que impiden ás mulleres incorporarse e permanecer no mercado laboral e equilibrar cuantitativa e cualitativamente a súa participación neste, potenciando a súa maior representatividade no mundo empresarial.

Establecer medidas de discriminación positiva, a través de actuacións específicas e prioritarias nas medidas horizontais, con especial atención ás mulleres que sofren violencia de xénero, dándolles a oportunidade de acceder ou reincorporarse ao mercado de traballo mediante programas experienciais para mellorar a súa empregabilidade, así como a través dos programas de incentivos á contratación por conta allea e de fomento do autoemprego.

Ofrecer á mocidade galega, a través de actuacións específicas, a oportunidade de adquirir unha experiencia laboral que mellore a súa situación no mercado de traballo e establecer a prioridade a favor dos xoves no conxunto das medidas de fomento do emprego mediante a aplicación preferente a este colectivo de todas as accións horizontais postas en marcha, así como, a través das escolas obradoiro e casas de oficios e das unidades de

promoción e desenvolvemento.

Reforzar o enfoque preventivo das políticas activas de emprego coa fin de reducir o paro de longa duración a través dos programas de cooperación e das escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego.

Realizaranse as seguintes actividades co obxecto de conquistar estes obxectivos:

Establecemento de medidas dirixidas a mellorar a empregabilidade e a apoiar a inserción ou reinserción no mercado de traballo dos traballadores e traballadoras desempregados.

Itinerarios integrados de inserción personalizada, definindo plans individuais adaptados ás necesidades e características das persoas destinatarias e atendendo á súa situación persoal, familiar e sociolaboral.

Programas integrados de emprego que combinen distintas políticas activas de emprego.

Instrumentación de actuacións específicas para a mobilidade e o apoio ao seguimento das accións de mellora da empregabilidade definidas nos itinerarios de inserción.

As actuacións que figuran nos proxectos de gasto son as seguintes:

Accións para o fomento da estabilidade no emprego, plásmase en:

Abono de cotas á Seguridade Social para os cotitulares de explotacións agrarias, das que se beneficiarán 200 persoas, das que a maioría (167) serán mulleres.

Medidas favorecedoras da inserción laboral de colectivos desfavorecidos: axudas á contratación e emprendemento, dirixidas a 195 empresas e coas que resultarán 536 persoas beneficiadas (292 mulleres).

Fomento da estabilidade no emprego: Calcúlase que se beneficiarán 1.144 persoas (607 mulleres) e 391 empresas.

Medidas favorecedoras da conciliación da vida laboral e familiar: irán destinadas a 349 persoas (135 mulleres).

Accións para o plan extraordinario de orientación, formación profesional e inserción laboral e modernización dos ensinos profesionais, no que se pretende ofrecer estes servizos a un colectivo estimado de 80.000 persoas.

Mellora da empregabilidade por medio de obras ou servizos de interese social, co desenvolvemento de dous programas de adquisición de experiencia: para persoas desem-

pregadas (co que se pretende axudar a 5.635 persoas das que se estiman 2.930 mulleres) e para o fomento do espírito emprendedor, coa estimación de apoiar as ideas empresariais de 347 persoas (das que 180 serán mulleres).

Proxectos mixtos formación-emprego, a través de Escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego, nos que participarán 1.500 persoas (630 mulleres) e se promoverán 53 Proxectos mixtos formación-emprego (EO/OE/Casas de oficios).

A medida M02, dirixida a impulsar a formación específica en determinados subsectores considerados estratéxicos e de alto potencial económico (automoción, medio ambiente, enerxías renovables e construción eficiente en termos enerxéticos) é a segunda en peso relativo neste obxectivo estratéxico de fomento do emprego cun peso porcentual do 29,6%, e un importe de 100,4 millóns de euros; así mesmo, ten unha importante presenza no conxunto do Eixe 2 de dinamización económica, co 6.8%.

Trátase de potenciar a formación profesional para o emprego como instrumento dos demandantes de emprego para a súa inserción laboral, adaptándoa ás necesidades existentes no mercado de traballo.

Consolidar a formación profesional para o emprego dos traballadores ocupados, con plans de formación sectoriais, intersectoriais, de autónomos, de economía social e accións complementarias, como elemento fundamental para a mellora da capacitación profesional e a reciclaxe dos traballadores da Comunidade Autónoma de Galicia.

Implantar os novos certificados de profesionalidade, garantindo o cumprimento dos novos requisitos, especialmente os de acceso dos alumnos, mediante a convocatoria de probas de competencias clave, e a programación da formación asociada ás mesmas.

Desenvolvemento dunha política integral de formación e emprego que englobe a orientación, o asesoramento, a formación, a avaliación e acreditación de competencias, o fomento de iniciativas empresariais, os incentivos á contratación, a economía social, os programas de cooperación e outras medidas innovadoras que contribúan á consecución da creación de emprego e de riqueza.

Entre as principais actuacións plasmadas nos proxectos figuran as seguintes:

Accións de Formación de técnicos especialistas en desenvolvemento sustentable, rehabilitación de calidade e aforro enerxético.

Dialogo social. Formación para o emprego e ocupados, no que se estima participarán un total de 31.000 persoas, cunha representación de mulleres algo superior, como ven reflectindo a tónica deste indicador de participación en cursos de formación.

Actuacións de formación de traballadores ocupados, nas que se estima que partici-

pen unhas 5.300 persoas, sendo 3.200 mulleres.

Aposta pola formación para o emprego asociada á impartición de cursos vinculados a certificados de profesionalidade, que se realizará a través de dous proxectos de gasto, dos que se desprende unha alta estimación de persoas que obterán o certificado de profesionalidade, unhas 25.000 persoas, nas que a participación das mulleres será superior á metade, co 62,5%.

Outra das medidas a desenvolver neste obxectivo estratéxico, consiste na promoción e difusión do canle Emprego Galicia, co reforzamento das oficinas e servizos de emprego, coa creación dunha rede de orientadores laborais e axentes de emprego, estimando que máis de 450 promotores de emprego/orientadores laborais prestarán os seus servizos de orientación profesional para o emprego e de información, orientación e busca de emprego.

Consolidar a rede de técnicos e axentes de emprego, potenciando o seu papel como actores decisivos na implantación das políticas activas de emprego na súa zona de actuación, principalmente das políticas relacionadas coa creación de actividade empresarial, contribuíndo co seu traballo á localización de recursos ociosos e infrautilizados cara á promoción económica dos concellos galegos, identificando novas actividades económicas e posibles emprendedores.

Na prevención de riscos laborais, segundo o contido do Plan Estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia 2011-2014, se atopa como obxectivo unha diminución do 5% de accidentes laborais, a través dun conxunto de actuacións encamiñadas a implantar unha cultura da prevención de riscos, para o que se realizarán entre outras accións de difusión e promoción, para a cidadanía en xeral e para os colectivos, entre os que destacan axudas aos axentes sociais máis representativos e tamén están previstas accións de formación nesta materia, incluíndo a seguridade no traballo e vixilancia da saúde na Xunta de Galicia.

Levaranse a cabo actuacións de integración da actividade preventiva na empresa, de formación dos empresarios para desempeñar a actividade preventiva de riscos laborais. Así mesmo, fomentárase o desenvolvemento da actividade preventiva con medios propios e a formación de traballadores nesta materia, xunto á formación dos representantes dos traballadores, é dicir, formación específica para delegados de prevención.

Fomentar e promover a creación e consolidación de empresas de economía social, é outra das medias deste obxectivo estratéxico, que se concretan nas seguintes actuacións:

Na área do cooperativismo e economía social, determínanse as seguintes finalidades:

-Creación de emprego cooperativo a través da promoción do autoemprego cooperativo e do apoio ao emprendemento baixo as fórmulas de economía social.

-Mellora da competitividade das cooperativas e sociedades laborais.

-Sensibilizar a sociedade galega sobre os principios e valores cooperativos, sobre as súas potencialidades, especialmente entre a xuventude, así como dotar de maior visibilidade á economía social.

-Mellorar as capacidades das persoas integradas na economía social para un mellor desempeño profesional e para viabilizar o seu proxecto empresarial.

-Achegar a información, formación e asesoramento en materia de cooperativismo e economía social ao ámbito local.

-Creación de redes de colaboración para o fomento da economía social, para a colaboración transfronteiriza e para a comercialización e internacionalización.

-Fortalecer o movemento cooperativo galego e canalizar a súa participación en todos os ámbitos e a presenza institucional do cooperativismo a todos os niveis.

Axudas para o fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais.

Axudas para a mellora da competitividade en cooperativas e sociedades laborais.

Axudas para o impulso de proxectos empresariais cooperativos.

Axudas para o fomento do acceso á condición de socio traballador.

Axudas para a promoción do cooperativismo e adaptación as tecnoloxías da información e as comunicacións.

Axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e sociedades laborais.

Entre as actuacións consignadas nos proxectos de gasto citar:

Accións para o emprendemento: iniciativas de emprego e creación de empresas de economía social, fomentando a incorporación de determinados colectivos como socios. Entre estas sinalar a dotación dun Fondo de capital risco para as cooperativas, a través do cal se espera axudar ao financiamento de 100 novas entidades de economía social.

Promoción da creación e consolidación de empresas de economía social, cun conxunto de actuacións orzamentadas ao tenor do Plan estratéxico para o cooperativismo, entre as que as destacan as encaminadas á promoción do cooperativismo e da economía social, as de mellora da competitividade en cooperativas e sociedades anónimas laborais (SAL). Por outra banda figuran as dirixidas á formación neste eido, co impulso do cooperativismo no ensino, a rede de centros de desenvolvemento cooperativo e de economía social e a

dotación dunha escola de cooperativa móbil e de teleformación, para facilitar o acceso a estes contidos aos colectivos máis alonxados dos grandes núcleos de poboación ou con especiais dificultades.

A medida 6 “Impulsar a ocupación a través do fomento do espírito emprendedor”, é o terceiro destino dos recursos deste obxectivo estratéxico no orzamento 2012, cun importe de 26.6 millóns de euros, que representa o 7,8% do obxectivo e o 1,8% do total do Eixe 2 de dinamización económica.

Fomentar a cultura emprendedora potenciando a xeración de emprego a través de fórmulas de economía social e autoemprego individual, apoiando especialmente o esforzo dos traballadores e das traballadoras autónomas.

Os autónomos e emprendedores teñen un importante peso na economía galega, cunha porcentaxe sobre o total de afiliados moi superior á media estatal. Neste apartado, a aprobación do Estatuto do Traballo Autónomo supón un importante avance e unha oportunidade. A Consellería de Traballo e Benestar potenciará o apoio a este colectivo como un dos eixes primordiais da súa política.

Potenciar e favorecer as iniciativas empresariais xeradoras de emprego que respondan a sectores e actividades emerxentes ou a necesidades non cubertas no territorio de implantación co fin de impulsar a creación e consolidación de actividades económicas e de emprego nas zonas rurais e núcleos urbanos pequenos, así como no entorno da investigación e da innovación tecnolóxica. Con este mesmo obxectivo orientaranse os programas de cooperación, especialmente coas corporacións locais, así como os programas mixtos de formación e emprego, para que respondan tamén a estas novas actividades, procurándose o carácter integral destas actuacións tendo en conta as características xeográficas e poboacionais da Comunidade Autónoma Galega, nunha estratexia de cooperación institucional das administracións territoriais e de colaboración coa iniciativa privada, para dinamizar o emprego e o desenvolvemento local.

As actuacións nas que se concreta son as seguintes:

Accións de apoio a novas iniciativas empresariais, plasmadas nun conxunto de proxectos de gasto de axudas ao emprendemento e ás iniciativas emprendedoras de emprego, cos que se calcula que se poderían crear 250 empresas.

Por outra banda, figuran tamén no orzamento accións de apoio ao emprego autónomo, con proxectos de gasto dirixidos a liñas de axuda para traballadores autónomos a través das que se calculan un total de 5.800 autónomos beneficiados dos que as mulleres autónomas serán preto de 2400, e se fomentará o asociacionismo dos traballadores autónomos e profesionais.

O apoyo aos colectivos máis desfavorecidos, que é a medida 7 deste obxectivo pre-

senta un importe no orzamento de preto dos 20 millóns de euros e o 5,8% dos recursos deste obxectivo estratéxico, co que se continúa coa especial atención aos colectivos de máis difícil acceso ao mercado laboral, para lograr un mercado laboral máis inclusivo.

Incentivarase a contratación indefinida e temporal destes traballadores desempregados cunha discapacidade igual ou superior ao 33% coa finalidade de fomentar e favorecer a súa integración laboral no sistema ordinario de traballo. Esta medida complementábase co programa de emprego con apoio na empresa ordinaria.

Así mesmo fomentarase a creación, ampliación e mantemento dos centros especiais de emprego en canto fórmulas empresariais eficaces para a xeración de emprego estable para persoas desempregadas con discapacidade, que se complementará co programa de unidades de apoio á actividade profesional nos centros especiais de emprego.

As actuacións consignadas nos proxectos de gasto son:

Accións para mellorar a empregabilidade dos mozos e mozas: das que se beneficiarán 775 persoas das que máis da metade serán mulleres (436).

Promover a inserción social das persoas en risco de exclusión ou con discapacidade a través da súa inserción laboral, que se concreta nos seguintes proxectos:

Integración laboral de persoas con discapacidade. Contratación indefinida. Emprego con apoio. Enclaves laborais, estímense en 335 as persoas discapacitadas que resultarán contratadas por estas axudas, 149 mulleres.

Unidade de apoio á integración laboral de persoas con discapacidade, un total de 1.472 persoas discapacitadas, 540 mulleres.

Tamén se apoiará o emprego deste colectivo de persoas a través dos centros especiais de emprego, nalgúns casos a través de entidades sen ánimo de lucro, facilitando a inserción a unhas 100 persoas, a metade mulleres.

Haberá así mesmo, axudas dirixidas á inserción laboral doutros colectivos en risco de exclusión, nos que se beneficiarán ao redor de 280 persoas, a metade mulleres.

A medida M08 dirixida a “Promover a creación de postos de traballo (potenciando fundamentalmente o ámbito local e o emprendemento)”, instruméntase en proxectos de axudas para xerar novas actividades relacionadas co emprendemento, a través de axentes de emprego e desenvolvemento local, nos que se calcula que participarán un total de 304 axentes de emprego, con maioría de mulleres, xa que estas representan o 65% dos axentes.

Estes proxectos responderán ao obxectivo de creación de postos de traballo a nivel

local desde a perspectiva de que existen novos xacementos de emprego susceptibles de xerar novos postos de traballo, sendo no ámbito local onde se atopan as maiores posibilidades de detección e aproveitamento en beneficio do emprego. Consecuentemente con estas previsións, a Xunta de Galicia impulsará os Programas de Cooperación especialmente, con entidades locais, desde a dobre perspectiva de dinamización e xeración de novas actividades no medio local e rural e de servir de ferramenta para a mellora da empregabilidade, a través da adquisición de experiencia profesional, das persoas traballadoras desempregadas que participen nos mesmos, co obxectivo final de acadar un contorno local propicio á creación de emprego e de potenciar o papel das entidades locais como motoras da creación de emprego.

Por último, figuran as actividades da medida M09 Mellora das relacións laborais, nos que se atopan actividades dirixidas ao impulso aos acordos en materia laboral a través de:

Potenciar a mellora da política laboral mediante accións de apoio á empresas e traballadores/as, organizacións empresariais e sindicais. Entre as actuacións consignadas no orzamento dispórase unha liña de axuda especial para traballadores afectados por Expedientes de Regulación de Emprego (EREs), estimándose que resultarán unhas 200 axudas.

Preténdese ademais lograr que se incremente nun 15% o número de empresas beneficiadas por acción de mellora das condicións laborais.

Apoio ás actividades das organizacións sindicais e facer efectiva a participación institucional das organizacións sindicais e empresariais intersectoriais máis representativas nos órganos de participación da Comunidade Autónoma.

Fomentar a RSE, mediante accións de formación, difusión, e de apoio ás empresas para mellorar a súa xestión empresarial, de difusión do concepto de RSE, así como impulso do Observatorio Galego de Responsabilidade Social Empresarial, coas actuacións consignadas no orzamento calcúlase que 50 empresas porán en marcha programas de xestión da RSE e levarán a cabo 350 actuacións de formación para a súa difusión e coñecemento.

Fomentar políticas de igualdade laboral. O desenvolvemento das accións e políticas recollidas na Lei de traballo en igualdade de Galicia concretaranse en medidas tales como axudas a empresas a favor de erradicar a moi baixa representatividade das mulleres en determinados sectores, nas que se calcula que 80 empresas serán beneficiadas, e que se leven a cabo ao redor dun centenar de actuacións de promoción da igualdade das mulleres nesas empresas. Outra das actuacións son as axudas a empresas para a implantación de plans de igualdade, cun cálculo de 80 novos plans; así mesmo se inclúen actuacións que posibiliten a conciliación da vida familiar e laboral nas empresas, calculando que unhas 30 empresas, todas elas de pequeno/mediano tamaño serán beneficiadas.

A situación de dificultade económica fan necesario o apoio ás relacións laborais, máxime en sectores de especial relevancia para a economía galega como é o sector téxtil,

ou o sector naval entre outros, como é o caso do Programa "Empregatex", cofinanciado con fondos europeos do Fondo europeo á adaptación á globalización (FEAG), que ten por finalidade a realización dun programa de actuacións de mellora da empregabilidade e apoio á reinsertión laboral de persoas desempregadas no sector téxtil. Con este proxecto calcúlase que en 2012 se celebren 80 accións de formación e que as persoas traballadoras do téxtil beneficiadas sexan unhas 500, das que a inmensa maioría son mulleres (85%).